



Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT
A Coruña



Deputación
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

CONSULTA AS NOVIDADES!

1 de marzo 2024

Actividades ClubUE

-Últimos días para participar en Embaixador/a Destino Europa - ata o 11 de marzo
Última semana para anotarse e ser embaixador/a dos programas da UE para a mocidade. O premio é un un bono de interrail!

-Inscripción aberta para:

- Carreira investigadora en España e Europa, por onde empezos? #HelloEurope - o 7 de marzo.
- Ventana a Europa - o 12 de marzo.
- Obradoiro: Curriculum Vitae Europass #HelloEurope - o 15 de abril.
- Obradoiro: Cartas de motivación e presentación #HelloEurope - o 16 de abril.
- Obradoiro: Coñecemento de habilidades dixitais no espazo europeo #HelloEurope - o 17 de abril.

Eleccións europeas 9 de xuño

- Que é o Parlamento Europeo? Descúbreo aquí.
- Os centros de información #EUROPEDIRECT somos puntos de contacto locais que informamos e respondemos á cidadanía preguntas sobre cuestións europeas. Lémbraos nestas #EUElections2024

-Prácticas no Centro de Tradución dos Órganos da Unión Europea - ata o 26 de marzo
A axencia, con sede en Luxemburgo, convoca prácticas remuneradas de entre seis e 12 meses para comezar en maio.

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

-Formación na Autoridade Europea de Valores e Mercados (ESMA) - ata o 31 de decembro

Postos de formación remunerada de entre 6 e 12 meses en perfís para os departamentos de Legal, Datos e Soporte.

-Bolsas da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios - ata o 15 de marzo

11 prazas de formación remunerada dun ano para postos relacionados coa avaliación de medicamentos pero tamén para as áreas de Comunicación e Economía.

-Bolsas de formación artística Fundación María José Jove - ata o 15 de marzo

Bolsas para estudar durante dous anos o máster en Belas Artes do Art Institute FHNW de Basilea destinadas a artistas de Galicia.

-Bolsas de arquitectura Arquia - ata o 5 de abril

49 bolsas para estudantado nos últimos anos da carreira de Arquitectura ou recentemente titulado para a realización de prácticas en estudos de Arquitectura e institucións culturais e do sector.

-Concurso de Nacións Unidas Young Champions of the Earth - ata o 5 de abril

Para mocidade entre 18 e 30 anos que teñan grandes ideas para rexenerar ou protexer o medio ambiente.

-Colaboracións con asociacións locais

A asociación Equipo Europa Galicia busca concellos que queiran sumarse á campaña #UnÁrbolPorEuropa. O obxectivo é plantar polo menos unha árbore como símbolo do compromiso coa sustentabilidade local e a loita contra a deforestación en Europa.

-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade - consúltaas todas aquí

-Xestión de proxectos en Mozambique - ata o 17 de marzo

Voluntariado de xestión de proxectos humanitarios en Maputo durante un ano.

-Voluntariado de comunicación ou educación en Grecia - ata o 10 de marzo

Dúas prazas nun proxecto dun ano en Kozani con mocidade da área.

E lembra!

-Prácticas BlueBook na Comisión Europea - ata o 15 de marzo

A Comisión Europea abre o prazo para solicitar cinco meses de formación remunerada dirixido a persoas con títulos de máis de tres anos e bo coñecemento de inglés, francés ou alemán.

-Prácticas no Banco Central Europeo - varias datas

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

O Banco Central Europeo ten abertas candidaturas para formación remunerada de ata un ano en diferentes departamentos: recursos humanos, administración, negocios, biblioteca, creación de software...

-Formación no Consello da Unión Europea - ata o 14 de marzo

Aberto o prazo para solicitar cinco meses de prácticas remuneradas, para diferentes perfís profesionais, no Consello da UE con inicio no mes de setembro.

-Prácticas no Defensor do Pobo Europeo - ata o 18 de marzo e o 8 de abril

Formación pagada dun ano para postos de comunicación dixital e xestión de casos e tamén está aberto o prazo de prácticas para persoas con discapacidade, durante un ano, con postos para xestión de casos, comunicación, administración, finanzas e recursos humanos.

-Queres participar nun European Youth Event local? - varias datas

Este ano hai catro eventos da mocidade europea locais en Berlín, Forlì, Brežice e Vilna para reunirte e debater con xuventude de toda Europa. Tres deles xa teñen aberta a inscrición.



Coñeces o noso ClubUE?

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR

